XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
DIRECCION XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
Edificio Administrativo, San Caetano - SANTIAGO

PP/aa

XACOBEO 93 GALICIA

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral:

1º.- Que, o 19 de outubro de 1979, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "MONTES DE TABILLON", pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Tabillón, parroquia de Muñís, concello de Navia de Suarna. Publicado dito Acordo no Boletín Oficial da Provincia, non se presentou recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- Que, o 14 de setembro de 1992, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado pola mesma reunida en Asamblea Xeral dito día, acordou a sua vez:

.propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 191 Hás. do monte veciñal en man común da sua pertenza, nas que se incluirían 62 Hás. repoboadas como monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011 en cumplimento do Consorcio suscrito polo Concello de Navia de Suarna e o Patrimonio Forestal do Estado e 129 Hás., na actualidade, que aportanse de novo,

.solicitar dá Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta anulase e sustituíse o Consorcio vixente e

.autorizar o seu Presidente para a sinatura do Convenio.

3º.- Que, o novo monte "MONTES DE TABILLON" queda constituído por:

62 Hás. do monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011 e
129 Hás. rasas.

Superficie total ............ 191 Hás.

Superficie repoboada ......... 62 Hás.
Superficie rasa forestal ..... 113 Hás.
Superficie rasa inforestal ... 16 Hás.

.../...

4º.- Que, o Convenio proposto ten por obxecto a incorporación do vó e das obras auxiliares creadas nas 62 Hás., a repoboación forestal dos terreos rasos, a conservación e tratamentos **selvícolas da masa forestal** existente e da que se creará nun futuro, seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes con ditos fins.

5º.- Que, dacordo coa Disposición Adicional Segunda da vixente Lei de Montes Veciñais en Man común cancelense os gastos habidos antes do 31 de decembro de 1979. Sendo os ingresos e mailos gastos que por traballos pasan o novo monte "MONTES DE TABILLON", os seguintes:

Total gastos ....... 1.347.821.- Ptas.
Total ingresos ..... 269.801.- Ptas.

6º.- Que, a conta de gastos do Convenio do monte "MONTES DE TABILLÓN" abrase cun saldo de 1.078.020.- pesetas.

A vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE TABILLON"
Elenco: 2715810
Superficie: 191 Hás.
Pertenza: Comunidade de Tabillón
Concello: Navia de Suarna
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do monte "MONTES DE TABILLON" 2715810, abrase cun saldo de 1.078.020.- pesetas, sin perxuicio dos gastos ou ingresos que poidese ter o monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011, con posterioridade o peche das suas contas.

.../...

XUNTA DE GALICIA

TERCEIRO.- Que o Consorcio do monte LU-3011, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "SIERRA DE LARXENTES"
Elenco: LU-3011
Superficie: 120 Hás.
Pertenza: Parroquia de Muñís y Rao
Concello: Navia de Suarna

CUARTO.- Que dás contas do Consorcio do monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011, restense as seguintes cantidades:

gastos: (62Hás./182Hás.) x 4.724.510 = 1.609.448.- Ptas.
ingresos: (62Hás./182Hás.) x 791.997 = 269.801.- Ptas.

No obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 1992.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Pedro Pablo Iñiguez Alonso.

Vº. Bº.
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
Edificio Administrativo, San Caetano - SANTIAGO

ILMO SR

Visto o expediente relativo á sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños de Tabillón, municipio de Navia de Suarna, propietaria do monte veciñal en man común nomeado "Montes de Tabillón" do concello do Navia de Suarna e á vista do informe favorable emitido pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias forestais de Lugo e da Subdirección Xeral de Montes e Industrias forestais, procede a aprobación do devandito convenio, nos términos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da producción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu regulamento; e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sin aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, Asimesmo, axústase ó disposto na Lei de Galicia 13/1989 de montes veciñais en man común e no Decreto 260/92, que aproba o seu regulamento.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 1992.

O XEFE DA SECCION XURIDICA

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Xosé Lago García.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "MONTES DE TABILLON"
Elenco: 2715810
Superficie: 191 Hás.
Pertenza: Comunidade de Tabillón
Concello: Navia de Suarna
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no vó creado: 70%
Participación da Consellería no vó creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta do monte "MONTES DE TABILLON" 2715810, abrase cun saldo de 1.078.020.- pesetas, sin perxuicio dos gastos ou ingresos que poidese ter o monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011, con posterioridade o peche das suas contas.

TERCEIRO.- Que o Consorcio do monte LU-3011, teña no sucesivo as seguintes características:

Nome: "SIERRA DE LARXENTES"
Elenco: LU-3011
Superficie: 120 Hás.
Pertenza: Parroquia de Muñís y Rao
Concello: Navia de Suarna

.../...

CUARTO.- Que dás contas do Consorcio do monte "SIERRA DE LARXENTES" LU-3011, restense as seguintes cantidades:

gastos: (62Hás./182Hás.) x 4.724.510 = 1.609.448.- Ptas.

ingresos: (62Hás./182Hás.) x 791.997 = 269.801.- Ptas.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 1992.

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 29-10-91)
O SECRETARIO XERAL TECNICO,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

CONSELLERIA DE AGRICULTURA

DIRECCION GENERAL DE LO FORESTAL Y DEL MEDIO AMBIENTE NATURAL

# CONVENIO

| N.º | 271 | 5810 |
|---|---|---|

Comunidad: Vecinos de Tabillón.

Ayuntamiento: Navia de Suarna.

Provincia: Lugo.

Este Convenio se establece al amparo de lo previsto en los artículos 24º y 49º al 56º y 58º del Real Decreto 1.279/1978, que aprueba el Reglamento para la aplicación de la Ley sobre Fomento de Producción Forestal complementados con los pertinentes de la Ley de Montes Vecinales de Mano Común y Reglamento para la aplicación de la misma y con el Decreto 69/1984, de 23 de Marzo, de la Xunta de Galicia.

Se regirá por las cláusulas que a continuación se consignan.

1.ª. El Convenio tiene por objeto:

a) La modificación de las condiciones establecidas en el Consorcio suscrito con fecha 29-11-1.954 y 10-12-1.958 para la repoblación de los terrenos que se describen en la cláusula 2.ª cuyo Consorcio queda anulado por el presente documento.

b) La incorporación a este nuevo contrato del vuelo y obras auxiliares creados al amparo del anterior Consorcio.

c) La repoblación forestal de los terrenos todavía susceptibles de ella, que se describen en la cláusula segunda, la conservación y tratamiento selvícola de las masas que se creen, el aprovechamiento de las mismas y los trabajos de mejoras del monte.

d) La conservación, tratamiento selvícola y aprovechamiento del arbolado preexistente e independiente del Consorcio anterior, que continuará perteneciendo a la Comunidad propietaria (táchese si no existe).

e) Las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con los anteriores fines.

2.ª Los terrenos a los que el presente Convenio afecta pertenecen a la Comunidad integrada por los vecinos del lugar de Tabillón, término municipal de Navia de Suarna y son los que se describen a continuación:

Denominación: "MONTES DE TABILLON".

Situación administrativa y legal: Monte vecinal en mano común, perteneciente a la Comunidad integrada por los vecinos del lugar de Tabillón.

Límites:

N. Propiedades particulares de Tabillón y Cernada.

E.- Propiedades particulares de Cernada y de Trabadelo y monte "SIERRA DE LARXENTES", LU-3011.

S.- Monte "SIERRA DE LARXENTES", LU-3011 y

O.- Propiedades particulares de Muñis.

Superficie: 191 (CIENTO NOVENTA Y UNA) Hás.

Estado Forestal: 62 (SESENTA Y DOS) Hás. repobladas, 113 (CIENTO TRECE) Hás. rasas aptas para ser plantadas y 16 (DIECISEIS) Hás. inforestales.

Con arbolado perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo: - - -

Con vuelo creado por el ICONA procedente de repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior que se convierte y anula: 62 (SESENTA Y DOS) Hás.

Sin vegetación arbórea: 129 (CIENTO VEINTINUEVE) Hás.

Servidumbres: - - -

3.ª El suelo continuará perteneciendo a la Comunidad integrada por los vecinos del lugar de Tabillón, parroquia de Muñis, término municipal de Navia de Suarna que aporta al Convenio:

a) Su participación en el vuelo creado en virtud del Consorcio anterior:
b) Los terrenos descritos en la cláusula segunda.
c) El arbolado de su pertenencia existente en los mismos que se citan en la cláusula segunda (táchese si no existiese).

4.ª La Consellería de Agricultura, aporta al Convenio su participación en el vuelo creado en virtud del anterior Consorcio y las cantidades necesarias para cubrir los gastos a que dará lugar la ejecución del Convenio.
En la correspondiente cuenta de gastos, el cincuenta por ciento se contabilizará en concepto de subvención. El restante cincuenta por ciento como anticipo reintegrable al interés del 1 % del Banco de España.

5.ª Como primera partida de la cuenta del Convenio se consignará el saldo acreedor resultante de cerrar las cuentas de gastos e ingresos de los Consorcios anteriores, que quedarán extinguidos. Dicho saldo será la diferencia entre la totalidad de los gastos realizados con motivo de los Consorcios anteriores y la totalidad de los ingresos procedentes de los aprovechamientos realizados, con excepción de los percibidos por las partes que hayan intervenido en los consorcios como supuestos propietarios.
La relación de Consorcios a convertir, es como sigue: 62 Hás. del monte "SIERRA DE LARXENTES", LU-3011.

6.ª Las propuestas o proyectos necesarios para el desarrollo de las finalidades consignadas serán aprobados por la Dirección General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural, de la Consellería de Agricultura.

7.ª De los ingresos obtenidos en cada aprovechamiento del arbolado procedente de la repoblación realizada en virtud del Consorcio anterior o del presente Convenio, la Consellería de Agricultura se reservará el treinta por ciento y entregará el setenta por ciento restante a la Comunidad propietaria.
De los ingresos obtenidos en los aprovechamientos del arbolado existente en el monte y por tanto perteneciente a la Comunidad propietaria del suelo, la Consellería de Agricultura, recibirá el - por ciento y la Comunidad propietaria el - por ciento restante.

Si como consecuencia de la ejecución de un aprovechamiento la participación de la Consellería de Agricultura excediera del saldo acreedor existente en ese momento, en concepto del anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, se entregará el exceso a la Comunidad propietaria.

Los ingresos obtenidos de los restantes aprovechamientos, que se realizarán previa conformidad de la Comunidad propietaria, y que estarán subordinados en cuanto a su localización, época y cuantía, a las necesidades de la repoblación y conservación del vuelo, corresponderán al titular del suelo.

8.ª En el caso de incendio el Servicio de lo Forestal Provincial de la Consellería de Agricultura procederá al aprovechamiento del vuelo existente en el terreno siniestrado distribuyendo el importe que se obtenga con arreglo a las normas establecidas en el Convenio y a la restauración de la masa arbórea en las mismas condiciones económicas que el Convenio establece para el resto de los trabajos.

El presente Convenio, para su pleno funcionamiento y eficacia a todos los efectos como título auténtico, deberá ser suscrito por los representantes autorizados de ambas partes, figurando en el mismo certificación del acuerdo de la Junta de Comunidad, con el "quorum" reglamentario, en el que se designe la persona autorizada a efectos de la firma del Convenio.

Hasta que tenga lugar la devolución del anticipo de la Consellería de Agricultura asumirá la posesión del vuelo creado en virtud del antiguo Consorcio o que se cree, estableciéndose un derecho real de garantía sobre el mismo, que sin más requisitos que el contrato administrativo, será inscribible en el Registro de la Propiedad.

10.ª La duración de este Convenio será por un período de ....cincuenta.... años.
Transcurrido dicho período y si la Consellería de Agricultura con su participación en beneficios que se consigna en el primer párrafo de la cláusula séptima, hubiere cubierto su saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable según la cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido el Convenio, reintegrándose el suelo y las existencias que sustentare a la plena posesión de la Comunidad propietaria.

En caso contrario, se prorrogará el Convenio automáticamente hasta que el resarcimiento tenga lugar.

En el caso de que el saldo acreedor de la Consellería de Agricultura se hubiera cubierto antes de que transcurra el plazo de duración del Convenio, se considerará este tácitamente renovado, de no existir manifestación expresa de una de las partes.

En cualquier momento podrá cancelarse el Convenio previo abono a la Consellería de Agricultura del saldo pendiente.

La extinción del Convenio lleva consigo el que la totalidad del vuelo existente acceda al titular de la propiedad del suelo, con exención del Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados.

11.ª Todas las mejoras realizas en el monte, tales como caminos, construcciones, etc., quedarán a beneficio del titular del suelo al extinguirse el Convenio. Sin embargo los caminos y otras obras de interés general quedarán gravados con una servidumbre de uso a favor de la Consellería de Agricultura si ésta lo precisare.

12.ª La especie a utilizar para la repoblación forestal objeto de este Convenio será P. sylvestris, P. radiata y frondosas en las vaguadas.

13.ª El Convenio tendrá carácter administrativo y todas las cuestiones que surjan acerca de su cumplimiento, rescisión, ejecución e interpretación, corresponderán a la jurisdicción administrativa de la Consellería de Agricultura y dentro de la misma se resolverán por el Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural.

Contra estos acuerdos se podrá recurrir en alzada ante la Consellería de Agricultura en el plazo de quince días hábiles, cuya resolución pondrá fin a la vía administrativa, pudiendo entablarse contra ella recurso contencioso-administrativo.

Don José Alvarez Guerra Secretario de la Junta de Comunidad de Tabillón, en el término municipal de Navia de Suarna.

CERTIFICO: Que las cláusulas que anteceden han sido aprobadas por esta Comunidad, cumpliéndose el requisito del «quorum» legal en Junta General celebrada el día catorce de Septiembre de 1.992 designándose a D. Francisco Diaz Pérez, Presidente de la Comunidad. como representante de esta Junta a efectos de la firma del Convenio.

Y para que conste, expido la presente Certificación en Tabillón a 14 de Septiembre de mil novecientos noventa y dos.

EL SECRETARIO,

V.º B.º

El PRESIDENTE DE LA COMUNIDAD,

Fdo.: José Alvarez Guerra.

Fdo.: Francisco Diaz Pérez.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ Director General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural de la Consellería de Agricultura de la Xunta de Galicia, da su conformidad a las Bases del presente Convenio y propone su firma.

A la vista de la anterior propuesta se firma el presente Convenio en Santiago de Compostela a 5 de novembro de 19 92.

*Por la propiedad,*

*Por la Consellería de Agricultura,*

O CONSELLEIRO

(POR ORDE DO 29-10-91)

O SECRETARIO XERAL TECNICO,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

D. Francisco Diaz Pérez.
D. José Alvarez Guerra.
D. Amable Diaz Alvarez.

En Tabillón, del término municipal de Navia de Suarna, siendo las catorce horas - del día catorce de septiembre de mil novecientos noventa y dos, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad, cuyos nombres se indican al márgen.

Por unanimidad acuerdan:

1º.- Dando cumplimientos al acuerdo adoptado por la Asamblea de vecinos celebrada el dia de la fecha, proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia, la firma de un Convenio para la repoblación forestal del monte - vecinal en mano común de su pertenencia, de las siguientes características:

NOMBRE: "MONTES DE TABILLÓN".-
SUPERFICIE: CIENTO NOVENTA Y UNA (191,- Has.) Hectáreas.-
LÍMITES: Norte.- Propiedades particulares de Tabillón y Cernada.
Este .- Propiedades particulares de Cernada y Trabadelo y monte SIERRA DE LARXENTES", LU-3011.
Sur .- Monte "SIERRA DE LARXENTES", LU-3011.-
Oeste.- Propiedades particulares de Muñis,

que incluye 62,- Hectáreas del monte "SIERRA DE LARXENTES", LU-3011, actualmente en consorcio y 129,- Hectáreas, rasas en la actualidad y sin consorciar.-

2º.- Solicitar de la mencionada Conselleria que dicho Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya al consorcio vigente del monte "SIERRA DE LARXENTES", - suscrito entre el Ayuntamiento de Navia de Suarna y el Patrimonio Forestal del Estado.

3º.- Autorizar al Presidente de la Comunidad, para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra la presente Acta, en el lugar y fecha anteriormente citados.-

D. Francisco Díaz Pérez, con D.N.I. 33817387G, e domicilio en Tabillón, Navia de Suarna en calidade de presidente da CMVMC de Tabillón

SOLICITA:

A rescisión dunha superficie de 17 ha. detallada no croquis que se achega con esta solicitude do consorcio ou convenio do monte "MONTES DE TABILLÓN".

Achégase:
Croquis da superficie solicitada

Lugo 28 de febreiro de 2015

Asdo. Francisco Díaz Pérez

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

ENTRADA 24675 / RX 410953 Data 03/03/2015 09:02:52

XEFATURA TERRITORIAL DO MEDIO RURAL E DO MAR DE LUGO
SERVIZO DE MONTES DE LUGO

D. Hortensio Álvarez Díaz, en calidade de secretario da CMVMC de Tabillón do concello de Navia de Suarna

CERTIFICO:

Que na asemblea de data 27 de abril de 2014, na que asistiron a totalidade dos comuneiros, acordouse por unanimidade solicitar a cancelación do convenio na superficie solicitada por Dna. Yolanda Fernández Álvarez co fin de implantar un pastizal.

Lugo 28 de febreiro de 2015

O Secretario

VºBº o presidente

Asdo. Hortensio Álvarez Díaz

Asdo. Francisco Díaz Pérez

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 45 32

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

SAÍDA 79357 / RX 980189 Data 06/07/2016 12:28:14

**D.X. de Ordenación e Produción Forestal**
**Subd. Xeral de Recursos Forestais**
**Servizo de Xestión Forestal**
**San Lázaro s/n - Santiago de Compostela**

**MR.110280**

**EXP.: 10/2014**
Asunto: Proposta de modificación do convenio "Montes de Tabillón", 2715810 (Navia de Suarna - Lugo).

ANTECEDENTES

1.- O 19.10.1979 foi clasificado como Monte Veciñal en Man Común o monte "Montes de Tabillón" de pertenza CMVMC de Tabillón, no concello de Navia de Suarna cunha superficie de 116,00 ha, segundo o expediente 86/77.

2.- O 05.11.1992 foi aprobado o convenio "Montes de Tabillón", 2715810, subscrito entre a Consellería de Agricultura e a CMVMC de Tabillón. A superficie conveniada foi de 191 ha.

3.- O 05.05.2014 tivo entrada neste servizo un escrito de D. Francisco Díaz Pérez, en calidade de presidente da CMVMC de Tabillón, no que solicita "que se cancele a superficie do monte en convenio ocupada polas parcelas 216 e 218 do polígono 36, do concello de Navia de Suarna (doc. 1). Esta solicitude foi corrixida por outra presenta o 03.03.2015, na que se aclara que a superficie solicitada para a rescisión é de 17 ha segundo o croquis que se achegou coa mesma (doc. 2).

4.- O 28.02.2015 D. Hortensio Álvarez Díaz, en calidade de secretario da CMVMC de Tabillón certifica que "en asemblea do 27.04.2014, na que asistiron a totalidade dos comuneiros, acordouse por unanimidade solicitar a cancelación do convenio na solicitude solicitada por Dna. Yolanda Fernández Álvarez co fin de implantar un pastizal". Aporta copia do certificado e da acta da asemblea (doc. 3).

5.- O 06.03.2015 este servizo enviou a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes a proposta de modificación do convenio "Montes de Tabillón", 2715810, nas 17 ha solicitadas o 03.03.2015.

6.- O 08.07.2015 o xefe do Servizo de Forestal devolve a este servizo de xeito oficial (previamente fora adiantado por correo electrónico) o expediente de modificación xunto co informe do letrado asesor, "xa que para continuar coa súa tramitación é necesario que se cumpran todos os requisitos esixidos no mesmo". Estes resúmense no último parágrafo do informe ao indicar que "da documentación achegada non se acredita que se cumprira o requisito de convocatoria expresa..., que establece o art. 18 da Lei 13/1989 para os actos de disposición, nin o prazo do arrendamento que esixe o art. 49 do Decreto, se a cesión adopta esta forma xurídica, así como a composición actual e o

número de comuneiros, para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos" (doc. 4).

7.- O 12.06.2.015 este servizo da resposta aos requisitos esixidos no informe do asesor xurídico. Acompáñase de certifico da lista definitiva de comuneiros comunicada ao Rexistro Xeral de MVMC de Lugo e de certificado da Secretaria do Concello de Navia de Suarna de inscrición de domicilio de catro persoas entre as que se atopa Dna. Yolanda Fernández Álvarez (doc. 5).

8.- A pesar da resposta anterior o 29.03.2016 requíreselle a D. Francisco Díaz Pérez que aporte copia da acta da asemblea e certificado do secretario onde se acorde a cancelación parcial das 17 ha do convenio solicitadas.

9.- En resposta ao requirimento anterior aportan copia da acta da asemblea e certificado do secretario de 29.05.2016 onde se indica que se acordou "por unanimidade solicitar a cancelación parcial do convenio nunha superficie de 17 ha".

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- O convenio "Montes de Tabillón", 2715810, aprobouse ao abeiro do previsto na Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, sobre o fomento da produción forestal[1], desenvolvida polo RD 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento.

2.- A cláusula 4ª do convenio establece que a Consellería aporta ao convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención e o restante 50% como anticipo reintegrable ao interese do 1% anual.

3.- A cláusula 10ª do convenio prevé unha duración de 50 anos, pero en calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente acceda ao titular da propiedade do voo.

4.- A cláusula 13ª do convenio establece que este ten carácter administrativo e a Consellería interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten derivadas o seu cumprimento.

5.- A Consellería de Medio Rural é o órgano competente en materia de montes, segundo o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica de la Consellería do Medio Rural.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1.- O 23.07.2014 o técnico do distrito Fonsagrada – Os Ancares D Daniel Pérez Vázquez emite un informe sobre o estado forestal do ámbito solicitado inicialmente. As 17 ha da solicitude do 03.03.2015 están incluídas na solicitude inicial.

2.- As superficies do convenio "Montes de Tabillón", 2715810, son:

---

[1] Derrogada pola Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (*BOE* do 22.11.2003).

| | Sup. total (ha) | Sup. repoboada (ha) | Sup. inforestal (ha) |
|---|---|---|---|
| m/ " Montes de Tabillón ", 2715810 | 191 | 191 | 0 |
| **Superficie actual** | **191** | **191** | **0** |

As superficies do ámbito no que se solicita a modificación son:
Superficie total:............................................................................ 17,00 ha
Superficie repoboada:...................................................................... 17,00 ha

3.- A exclusión destas 17,00 ha non afecta negativamente a xestión do convenio por tratarse dunha superficie pequena con respecto á total e estar situada nunha das estremeiras do mesmo.

4.- Os gastos e ingresos destas 17,00 ha poden ser perfectamente asumidos pola superficie restante do convenio.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, este servizo **propón**:

1.- Que a petición de D. Francisco Díaz Pérez, en calidade de presidente da CMVMC de Tabillón, se modifique o convenio "Montes de Tabillón", 2715810, nunha superficie de 17,00 ha.

2.- Que as características do convenio "Montes de Tabillón", 2715810, pasen a ser:

| | |
|---|---|
| Nome do monte: | "Montes de Tabillón" |
| Elenco: | 2715810 |
| Propiedade: | CMVMC de Tabillón |
| Superficie: | 174 ha |
| Concello: | Navia de Suarna |

3.- Que os gastos e ingresos correspondentes as 17,00 ha que se propoñen eliminar do convenio, sexan asumidos polas 174,00 ha que quedarían en convenio.

Non obstante vostede resolverá.

Ademais de copia da documentación citada nesta proposta de resolución, achégolle:

- Plano do convenio co ámbito no que solicita a modificación.
- Plano definitivo do convenio unha vez modificado por esta solicitude.

Lugo, 6 de xullo de 2016
O xefe do servizo

XUNTA DE GALICIA
SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
LUGO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Ramón Rozadillas Valverde


Chan do Castro
O Tabillón
A Cernada
Pena do Risco
Monte do Lourente
Trabadelo
Petrizas
Pena do Home
Concello de Navia de Suarna
Campa de Lourente
Penedo de Fontes
Lamentes
4760500
4760000
4759500
4759000
4758500
666000
666500
667000
667500
0 30 60 120 180 240 300 m
XUNTA DE GALICIA
Servizo de Montes
Ronda da Muralla 70, Baixo 2º
27071 - Lugo
galicia
MONTE: TABILLÓN
Elenco: 2715810
Concello: NAVIA DE SUARNA
Superficie convenio antes cancelación (191,00 ha)
Superficie a cancelar (17,00 ha)
Escala: 1: 7.500
S.R.: UTM 29 - ETRS89
Lugo, 5 de marzo de 2015
A Enxeñeira Técnica Forestal
Mª José Meilán Bellón



Chan do Castro
O Tabillón
A Gemada
Pena do Risco
Monte de Lourente
Petrizo
Pena do Home
Campa de Lourente
Concello de Navia de Suarna
Penedo das Fontes
Trabadelo
0 30 60 120 180 240 300 m
XUNTA DE GALICIA
Servizo de Montes
Ronda da Muralla 70, Baixo 2º
27071 - Lugo
galicia
MONTE: TABILLÓN
Elenco: 2715810
Concello: NAVIA DE SUARNA
Superficie convenio después cancelación (174,00 ha)
Escala: 1: 7.500
S.R.: UTM 29 - ETRS89
Lugo, 5 de marzo de 2015
A Enxeñeira Técnica Forestal
Mª José Meilán Bellón
4760500
4760000
4759500
4759000
4758500
666000
666500
667000
667500

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación e
Produción Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

Con data do 28 de xullo de 2016 a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte

**RESOLUCIÓN:**

*1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do convenio "Montes de Tabillón" nunha superficie de 17 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.*

*2º.- Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Tabillón teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará no convenio.*

*3º.- Que no sucesivo as características do convenio "Montes de Tabillón" sexan as seguintes:*

*Nome: Montes de Tabillón*
*Número: 2715810*
*Superficie: 174 ha*
*Pertenza: CMVMC de Tabillón*
*Concello: Navia de Suarna*

*Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.*

O que comunico para os efectos oportunos.

A través dese servizo deberá notificarse esta resolución aos propietarios.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2016

XUNTA DE GALICIA
SERVIZO DE XESTIÓN FORESTAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O xefe do Servizo de Xestión Forestal

Luis Ortega Mene

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SAÍDA 82627 / RX 1106715 Data 01/08/2016 08:54:17

**Servizo de Montes de Lugo**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 45 32
Fax: 982 29 48 74

galicia

**MR.110280**

D. Francisco Díaz Pérez
Lg. Tabillón, s/n - Muñís
27652– Navia de Suarna
Lugo

**Exp.: 10/2014**
**Asunto:** Comunicación da resolución da modificación do convenio do monte "Montes de Tabillón" 2715810 (Navia de Suarna).

Con data 28 de xullo de 2016, a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do convenio "Montes de Tabillón" nunha superficie de 17 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.

2º.- Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Tabillón teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará en convenio.

3ª.- Que no sucesivo as características do convenio "Montes de Tabillón" sexan as seguintes:

| | |
|---|---|
| Nome: | Montes de Tabillón |
| Número: | 2715810 |
| Superficie: | 174 ha |
| Pertenza: | CMVMC de Tabillón |
| Concello: | Navia de Suarna |

Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de Reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/88, do 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

O que comunico para os efectos oportunos.

Lugo, 9 de agosto de 2016
O xefe do servizo

XUNTA DE GALICIA · SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS · CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL · LUGO

Ramón Rozadillas Valverde

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO
Data 11/08/2016 12:36:45
SAÍDA 93182 / RX 1155992

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Ronda da Muralla, 70, Baixo 2
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 45 32
Fax: 982 29 48 74

galicia

**MR.110280**

**Exp.: 10/2014**

**Asunto:** Comunicación da resolución da modificación do convenio do monte "Montes de Tabillón" 2715810 (Navia de Suarna).

Con data 28 de xullo de 2016, a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do convenio "Montes de Tabillón" nunha superficie de 17 ha, por petición da súa comunidade de montes veciñais en man común propietaria.

2º.- Que a dita modificación sexa efectiva sen que a comunidade de Tabillón teña que pagar cantidade ningunha á Administración, xa que a débeda pode ser asumida pola superficie restante que quedará en convenio.

3ª.- Que no sucesivo as características do convenio "Montes de Tabillón" sexan as seguintes:

| | |
|---|---|
| Nome: | Montes de Tabillón |
| Número: | 2715810 |
| Superficie: | 174 ha |
| Pertenza: | CMVMC de Tabillón |
| Concello: | Navia de Suarna |

O que comunico para os efectos oportunos.

Lugo, 9 de agosto de 2016
O xefe do servizo

XUNTA DE GALICIA · SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS · CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL · LUGO

Ramón Rozadillas Valverde

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO
Data 11/08/2016 12:36:45
SAÍDA 93183 / RX 1155993

**XEFE DO DISTRITO VII "FONSAFRADA OS ANCARES"**
**R/ Ano Velo, s/n - Entrechán**
**27640 - Becerreá LUGO**